

A Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña nº 2022/25825 do 30 de maio de 2022, aproba as bases reguladoras do Programa PEL CONCELLOS_Axudas ao sector das orquestras e verbenas incluído na liña 1.3 do Plan de Emprego Local para o ano 2022, publicada do BOP núm. 102 de 31 de maio de 2022, destinadas aos concellos da provincia de A Coruña cunha poboación menor de 50.000 habitantes.

Os concellos poderán solicitar as axudas reguladas na dita convocatoria, para subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre do seu termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares, sempre que reúnan os requisitos regulados nas bases de convocatoria.

En virtude da concesión da axuda ao Concello de Vilarmaior, ao abeiro do Programa PEL-concellos-Axudas ao sector das orquestras e verbenas, e a efectos de subvencionar a contratación de orquestras por parte de comisións organizadoras de festas, elabóranse estas bases.

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS OU COMISIÓNS ORGANIZADORAS DE FESTAS PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTAS A TRAVÉS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS_AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTAS E VERBENAS DA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL.

Primeira: Obxecto e finalidade

O obxecto destas bases é regular as axudas a conceder polo concello ás comisións de festas organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Vilarmaior, para contratar orquestras para as distintas festas patronais ou populares, con base no programa PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTAS E VERBENAS, INLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL.

As comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse no territorio do concello de Vilarmaior e co galego como lingua vehicular.

O seu obxectivo é contribuír á reactivación económica e o mantemento do emprego no sector empresarial das orquestras e verbenas.

Segunda: Réxime xurídico

Para todo o non disposto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- .Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- .Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- .Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- .Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
- .Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- .Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- .Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- .Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- .Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- .Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- .Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015.
- .Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017.
- .Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- .Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- .Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- .Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- .Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- .Resolución de Presidencia nº 2022/25825 do 30 de maio de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa PEL- CONCELLOS_Axudas ao sector das orquestras e verbenas.
- .Extracto da Resolución 2022/26093 de 31 de maio de 2022, da Presidencia da Deputación da Coruña pola que se aproba a convocatoria do Programa PEL- CONCELLOS_Axudas ao sector das orquestras e verbenas.

Terceira: Crédito orzamentario.

O crédito total destinado as axudas ven determinado pola subvención asignada a este concello pola Deputación Provincial de A Coruña ao abeiro da convocatoria do Programa PEL-concellos- Axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do Plan de Emprego Local, polo importe de 3.000,00 €, partida orzamentaria 338.480.00 do vixente orzamento municipal.

Cuarta: Destinatarios e requisitos

Os destinatarios deste programa son as comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Vilarmador, para a contratación de orquestras.

Poden ser beneficiarias das axudas as entidades legalmente constituídas como asociación ou comisión de festas, que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no concello de Vilarmador
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade, para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Quinta: Requisitos das orquestras que se van a contratar.

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- a) Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- b) Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo

a información recollida no certificado de situación censual da entidade.

c) Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.

d) Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

Sexta: Exclusiones

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Sétima: Contía e gastos subvencionables

Estas axudas financiaranse con cargo á axuda recibida da Deputación da Coruña por un importe total de 3.000,00€

- Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención, sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan indicado no prazo previsto na convocatoria.
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.
- A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, e recollida no *Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria*, con anterioridade á data de emisión da factura
- O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable, segundo as normas contables nin o prezo de mercado.
- Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

Oitava: Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratacións das orquestras poderán realizarse dentro deste período e, en consecuencia, non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Novena: Solicitud e Documentación

As asociacións ou comisións de festas interesadas en participar nesta convocatoria terán que presentar solicitude no modelo de solicitude do Anexo I, no Rexistro Xeral do concello, a través da sede electrónica ou de forma presencial o nalgún lugar dos previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Xunto coa solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

- CIF ou NIF/NIE
- Documento que xustifique que a comisión carece de ánimo de lucro
- Xustificante de ter o seu domicilio en Vilarmaior
- Declaración de non ter pendente de xustificar ningunha axuda ante o concello de Vilarmaior
- Declaración de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvención públicas.
- Memoria descritiva da festa para a que solicita a axuda para a contratación obxecto deste programa, asinada polo representante da comisión, que inclúa a denominación da orquestra á que se pretende contratar e presuposto desagregado de gastos
- Aqueles documentos que xustifiquen que a orquestra que se pretende contratar reúne os requisitos recollidos nestas bases **(base quinta)**.
- Toda aquela documentación que indique que se cumpre cos compromisos e obrigas do beneficiario recollidas na base décima primeira.

Décima: Prazo de presentación de solicitudes.

As asociacións e comisións de festas poderán presentar as solicitudes dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da

Provincia e ata o día 07 de outubro de 2022, non podendo desenvolverse ningunha actividade para a que solicita a subvención con data posterior ao 31 de decembro de 2022.

Décima primeira: Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- .Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
- .Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- .Utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que é concedida, axustándose as bases da convocatoria.

.No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuizamento civil) .Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

. Declarar a obtención doutras axudas para a mesma finalidade.

.Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poida solicitar o servizo de control interno municipal do concello.

.Cumprir coa obriga de dar publicidade da achega da Deputación provincial e do concello de Vilarmaior. Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

.Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

.Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de

comprobación e control, que poderá efectuar o Concello de Vilarmador,

Así mesmo, as comisións beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos

durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

Décima segunda: Revogación e reintegro

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu disfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Décima terceira. Tramitación

Examinadas as solicitudes presentadas e comprobado o cumprimento dos requisitos para ser beneficiarios, a unidade xestora comprobará que a documentación é correcta. No caso de ser necesario requirirase ás entidades para que subsanen a solicitude no prazo de 10 días hábiles dende a notificación do requirimento e poderá requirir que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a solicitude.

Décima cuarta: Resolución

Pola Alcaldía dítarase resolución de concesión de axudas que se notificará aos interesados/as, segundo o establecido no artigo 40 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común e publicarase na páxina web do concello e no taboleiro de edictos da sede electrónica de Vilarmador.

Para a concesión da subvención teranse en conta os seguintes criterios.

- Cando as solicitudes presentadas sexan menos de dez: aquela asociación ou comisión de festas que reúna os requisitos de solicitude recollidos nas bases reguladoras desta axuda terán dereito á cantidade resultante de repartir

- equitativamente a cantidade de 3.000,00€.
- No caso de que as comisións que presenten solicitude e cumpran os requisitos sexan máis de 10 terán dereito a recibir 300€ as comisións solicitantes, tendo en conta a orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Vilarmarior.
- Na resolución da alcaldía conterase a relación dos solicitantes aos que se concede a axuda e unha relación ordenada das solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen estimadas por esgotamento do crédito.
- O acordo de concesión ou denegación da subvención pon fin a vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos previsto na lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Décima quinta: Xustificación

Antes do día 31 de marzo de 2023, as asociacións ou comisións de festas beneficiarias deberán achegar a seguinte documentación xustificativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención:

-Memoria, segundo modelo que se achega, da actividade realizada para a que se solicitaba axuda para a contratación, asinada polo representante da comisión de festas que inclúa unha xustificación gráfica da actividade realizada na que conste a achega da subvención por parte da Deputación da Coruña.

-Facturas do gasto realizado para a contratación na que se especifiquen os pagos realizados.

Décima sexta: Pago

O aboamento da subvención farase efectivo nun único pago logo de comprobar que a comisión presentou a documentación xustificativa e se entende que cumpriu co obxecto da axuda.

Décima sétima: Datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados polo concello coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e

portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima oitava. Control financeiro

O control financeiro das subvencións outorgadas levarase a cabo polo control interno municipal, podendo solicitar a colaboración do control financeiro da Intervención Provincial.

Vilarmaior, setembro de 2022

O alcalde

Carlos Vázquez Quintián

ANEXO I. SOLICITUDE DE AXUDA

DATOS DO SOLICITANTE

ASOCIACIÓN/COMISIÓN DE FESTAS	
CIF/ NIF	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
C.P.	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS E NOME	
DNI/ NIE	
EN CALIDADE DE	

SOLICITA

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria das axudas do concello de Vilarmador, no marco do PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS DA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

DECLARO RESPONSABLEMENTE :

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario das axudas convocadas polo concello de Vilarmador no marco do PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS INLCUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

-Que a orquestra que se contrata reúne todos e cada un dos requisitos sinalados na base quinta da convocatoria.

-Que carece de fin de lucro.

-Que ten o seu domicilio en Vilarmador.

- Que non ter pendente de xustificar ningunha axuda ante o concello de Vilarmador

-Que está ao corrente coas súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa Seguridade Social

-Que non está estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvención públicas.

-Que se compromete a cumprir coas obrigas doas beneficiarios das axudas relacionadas na base décimo primeira.

Que a presente declaración faise unha vez lido o significado legal de “declaración responsable” conforme ao disposto no artigo 69.1 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas:

“Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por persoa interesada na que se manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da administración cando se lle requira, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a este recoñecemento ou exercicio”.

MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR

Breve descrición das actividades que se han desenvolver en relación coas contratacións realizadas

Concello	VILARMAIOR		
Festas patronais e populares	Datas (aproximadas)	Festa	Localidade
	2022		

Vilarmador, de de 2022.

Asdo.

ANEXO II. XUSTIFICACIÓN

D./D.^a _____
na súa calidade de _____ da entidade

_____, CERTIFICO:

- Que foron efectuadas as actividades financiadas polo concello de Vilarmador para as comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Vilarmador para contratar orquestras para ditas festas, resultando cumprida a finalidade da subvención.

- Que a actividade desenvolvida tivo lugar o día _____ na festa patronal ou popular _____ celebrada en _____.

- Que a actividade desenvolvida en relación coa contratación da orquestra foi : _____

-Que a relación de gastos en que ten incorrido a Asociación/Comisión de festas, é a seguinte:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE	DATA DE PAGO

-Que as subvención que se obtiveron desta ou doutras Administracións ou Organismos públicos ou privados, para a mesma finalidade son:

_____.-

-Que a suma do importe das mesmas non excede do importe total do gasto realizado.

-Que se achegan xustificantes do cumprimento dos requisitos esixidos a orquestra contratada, establecidos na base quinta da convocatoria:

- Certificado censal da orquestra no que conste domicilio social e fiscal en Galicia e antigüidade mínima de dous anos.
 - Declaración responsable da orquestra de que ten unha composición mínima de 6 membros dos cales alomenos 4 na súa actuación tocan instrumento musical.
 - Declaración responsable da orquestra de que o 80% da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.
- Que se xuntan facturas orixinais dos gastos realizados así como o xustificante da publicidade da achega provincial e a memoria explicativa da actuación.

Vilarmaior, __ de __ de 2022

Asdo.